

NIF: G15310667

## **ACTA ASAMBLEA EXTRAORDINARIA DE SOCIAS E SOCIOS DA ANPA A FERRADURA 26/10/23**

Convocouse a todos os socios e socias a unha ASEMBLEA EXTRAORDINARIA da ANPA 'A Ferradura', a celebrar no Salón de Actos do CEIP Pío XII o xoves 26 de outubro ás 16.00 horas en primeira convocatoria (para o que sería preciso a presenza da metade de socios/as da Anpa) e ás 16.30 horas en segunda, coa seguinte orde do día:

- 1.- Información sobre a actual situación das obras no aparcadoiro disuasorio da avenida de Antonio Raimundo Ibáñez. De ser o caso, aprobación das medidas a adoptar.
- 2.- Rogos e preguntas

A xuntanza abre a súa sesión ás 16.35 horas coa asistencia de 23 socios e socias (acompáñase listaxe en documento adxunto).

### **Punto 1. Información sobre a actual situación das obras no aparcadoiro disuasorio da avenida de Antonio Raimundo Ibáñez. De ser o caso, aprobación das medidas a adoptar.**

O presidente dá conta do acontecido nas últimas semanas en relación ao aparcadoiro disuasorio e das conversas mantidas co concelleiro responsable, Xan Duro. Entre as medidas acordadas, os socios e socias presentes acordaron por asentimento:

. Propor ao concelleiro a cesión por parte do concello do tramo de aparcamento actualmente afectado pola ORA na avenida de Compostela, comprendido entre avenida Antonio Raimundo Ibáñez e as Burgas, entre as 8.30 e as 9.30.

. Solicitar ao concelleiro o establecemento de puntos de recollido do 'Pedibus' en Colexio Maior de San Clemente, Porta Faxeira e na esquina de Rosalía de Castro con avenida da Coruña

. Solicitar á dirección do centro a apertura da cancela do acceso superior (por avenida de Compostela) ás 15.00 horas.



. Propor a retirada do valo na zona de acceso ao centro por Poza do Bar

### **2. Rogos e preguntas**

NIF: G15310667

Neste punto, na asemblea insístese na necesidade aumentar as canles de diálogo coa dirección do centro para acadar unha maior coordinación e harmonizar posicións entre a dirección e a Anpa de cara a facer fronte común na defensa dos intereses do centro así como ter capacidade de realizar achegas conxuntas dirixidas á mellora dos procesos de xestión do colexio.

No existindo máis asuntos que tratar, péchase a Asemblea ás 18.05 horas, de todo o cal dou fe como secretario e asino a presente con VºBº do Presidente.

	
Ado. Secretario Roberto D. Castro Sieiro	Vº Bº Presidente Borja Suárez Fuentes